

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A S.A.M.I. CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A MELLORA DA ATENCIÓN AOS PEREGRINOS E VISITANTES

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou coa S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela para o reforzo do material e persoal, así como colaborar nos gastos de funcionamento do Centro internacional de acollida aos peregrinos para unha maior atención e información aos peregrinos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Segundo.- A S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela é un singular monumento, que posúe valores históricos, artísticos e culturais de alto interese que a converten nun fito único no marco do patrimonio cultural europeo e que viu recoñecida a súa importancia e valía ao formar parte singular dos bens incorporados á lista do Patrimonio mundial pola UNESCO: a Cidade Vella de Santiago de Compostela, da que constitúe o seu principal monumento e o Camiño de Santiago do que é meta e obxectivo final de peregrinación. A S.A.M.I. Catedral é un templo de culto católico sito en Santiago de Compostela, que acolle no sepulcro do Apóstolo Santiago, motivo polo cal é un dos principais destinos de peregrinación de Europa.

Terceiro.- A estes efectos a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela ten subscrito un convenio coa Fundación Carretas, en virtude do cal aquela asume a xestión dos usos do antigo asilo da rúa Carretas como Centro internacional de acollida aos peregrinos, o cal depende directamente da S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela.

Cuarto.- Que a Estratexia de Turismo de Galicia 2030 inclúe na súa misión 1: "Galicia, destino auténtico e diferencial" a medida 1.2 Xacobeo 2027. O Ano Santo é un feito de gran relevancia non só para o turismo galego, senón para todo o territorio. O Xacobeo 2027 debe ser unha celebración que achegue a experiencia e a riqueza do Camiño á poboación residente e que logre fomentar o sentimento de orgullo e pertenza entre esta. Garantir a accesibilidade e a seguridade no Camiño forma parte das prioridades para este ano santo. Tamén reforzar a acollida como un dos principais valores do Xacobeo, revitalizar os atributos máis auténticos da peregrinación e afondar no diálogo con todos os actores que interveñen no fenómeno das peregrinacións.

Quinto.- Nos últimos anos vense asinando un convenio de colaboración outorgando unha subvención para os gastos de funcionamento do dito Centro internacional de acollida aos peregrinos, de xeito que redunde nunha mellor acollida ás milleiras de persoas peregrinas que chegan a Santiago de Compostela.

Que a través deste convenio, outórgase á S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e



humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

